



Concello de Vigo

D^a. M^a ISaura ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 5 de outubro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

7.- RESPOSTA A DÚBIDAS E PREGUNTAS DE POSIBLES LICITADORES NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO, PARCELAS 28-29 DO PLAN PARCIAL QUIRÓS. EXPTE 4639/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En data 25 de setembro de 2017 publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedrada UE o anuncio de licitación do servizo para a redacción do proxecto de execución das obras de construción dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós.

O día 28 de setembro de 2017, xa aberto o prazo para a presentación de ofertas, **Soltec Ingenieros S.L.**, mediante solicitude no rexistro electrónico do Concello de Vigo, W246911-8543, formula diversas cuestións, que se reproducen a continuación máis as contestacións ás mesmas .

II.- Aclaracións

- Na proposta arquitectónica, pódese presentar un deseño base con planos e 3D, que se axuste ao programa de necesidades que se define?
- Deberán de ser presentados os planos en A4 ou poderán presentarse en A3?

Co obxecto de clarear as cuestións formuladas, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal.- Jerónimo Centrón Castaños e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Oscar Couce Senra emitiron o seguinte informe:

1) En canto a consulta de si se pode presentar deseño base con planos e 3D que se axuste ao programa de necesidades; o Artigo 8.A).1.2 das FEC indica:

“análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada da proposta arquitectónica do conxunto da actuación, así como dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, valorarase con ata 12 puntos. Incluirá unha descrición do alcance dos traballos a realizar, os condicionantes que se poden presentar, e a incidencia destes sobre o desenvolvemento dos traballos”.

Se valora todo o indicado no parágrafo anterior. Enténdese que en canto a proposta arquitectónica debe ser analítica e detallada segundo o prego polo que se entende adecuado a presentación dalgun esquema gráfico, boceto ou croques.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/10/2017 12:24

Páxina 1 de 2

Expediente 4639/440

Código de verificación: 23EA4-A5454-844BA-5DDCC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2) En canto ao formato dos planos: o artigo 7 das FEC indica que se poderán presentar para ese apartado un máximo de 50 follas por unha cara, sen especificar tamaño, polo que se entende válido calquera que cumpra os citados requisitos do prego.

III.- Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar as respostas as cuestións formuladas polo licitador Soltec Ingenieros S.L., e contidas neste informe e ordenar a súa publicación no perfil de contratante”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

